

LISTA DE ASISTENTES

Membros de la Comisión:

Carmen García Mateo (presidenta)
Manuel García Sánchez (secretario)
Mónica Fernández Barciela
José Ramón Fernández Bernárdez
Martín Llamas Nistal
Roberto López Valcarce
José J. Pazos Arias
Manuel Fernández Veiga

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento Doc_TIC da Universidade de Vigo, de quince de maio de dous mil catorce, reunida ás 10:00 horas na sala de reunións A021 da E.E. Telecomunicación.

O Xoves, **día 15 de maio de 2014**, ás 10:00 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento Doc_TIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

A orde do día contén os seguintes puntos:

Outros asistentes:

Juan Carlos Burguillo Rial

1. Informe da Coordinadora
2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.
3. Aprobación, se procede, da baixa do alumno Bruno Gomes
4. Admisión, se procede, do alumno Luis Francisco Muñoz Medina, para o curso 2014/15 e asignación de Titor e liña de investigación.
5. Aprobación, se procede, dos Plans de Investigación e asignacións de directores de Tese.
6. Aprobación, se procede, dos tipos, perfil e criterios de valoración das axudas de mobilidade para o ano 2014.
7. Rogos e preguntas

Punto 1. Informe da Coordinadora

A presidenta da Comisión informa de cinco asuntos:

- Tense recibidos os derradeiros Plans de Investigación.
- Pode que cambie o sistema de acceso ó doutoramento se a Universidade recoñece o nivel Máster ós titulados de Enxeñaría de Telecomunicación.
- Está en marcha a xornada de seguimento do programa. Comentase a conveniencia de dispoñer dunha rúbrica para a avaliación anual dos Plans de Investigación.
- Xa está operativo o Documento de Actividades.
- EIDO abriu a petición de expresións de interese para a modificación das memorias dos programas de doutoramento. Coméntase a necesidade de agrupa-las liñas de investigación propostas.

Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores

Apróbanse por asentimento as actas das reunións do 6/2/14 e do 14/3/14.

Punto 3. Aprobación, se procede, da baixa do alumno Bruno Gomes

Apróbase a baixa do alumno Bruno Gomes a petición do interesado.

Punto 4. Admisión, se procede, do alumno Luis Francisco Muñoz Medina, para o curso 2014/15 e asignación de Titor e liña de investigación

Apróbase a admisión do alumno Luis Francisco Muñoz Medina, condicionada o resultado dunha entrevista co profesor José Carlos López Ardao, que actuaría como Titor.

Punto 5. Aprobación, se procede, dos Plans de Investigación e asignacións de directores de Tese.

Apróbanse os Plans de Investigación e asignacións de directores de Tese que se relacionan no Anexo I.

Punto 6. Aprobación, se procede, dos tipos, perfil e criterios de valoración das axudas de mobilidade para o ano 2014.

Apróbase solicitar unha oferta de 6 bolsas tipo A. A solicitude incrementárase a 7 becas tipo A se non fose posible pagar os gastos de viaxe, aloxamento e dietas a alumna Sonia María Valladares Rodríguez. Relativo ós criterios de valoración, acordase prioriza-la asistencia para a presentación de comunicacións en congresos internacionais Scopos e as estadias no estranxeiro que supoñan un cambio de residencia.

Acordase valorar até 10 puntos o currículo do candidato, até 40 o interese do desprazamento, e até 50 a calidade do centro de destino ou a importancia do congreso.

Punto 7. Rogos e preguntas

O profesor Martín Llamas Nistal pregunta polos trámites necesarios para a co-tutela de Teses. A Presidenta infórmalle de que o procedemento non cambiou, de tódolos xeitos recoméndalle que consulte coa EIDO o estado actual do procedemento.

O profesor Roberto López Valcarce pregunta pola existencia dun convenio entre o CTAG e a Universidade de Vigo.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión cando son as 11:15 h.

O Secretario

VºBº
A Presidenta

Manuel García Sánchez

Carmen García Mateo

ANEXO I

Relación de Plans de Investigación aprobados e asignación de directores

ALUMNO/A	PLAN DE INVESTIGACIÓN	DIRECTOR/ES
GONZÁLEZ TATO, Juan	Entregado 23/04/2014	Martín Llamas Nistal
ORDÓÑEZ MORALES, Esteban	Entregado 20/03/2014	Yolanda Blanco Fernández, Jose Pazos Arias
PACHECO VIEIRA, Bruno Miguel	Entregado 30/04/2014	José Carlos López Ardao
PELLITERO RIVERO, Alexandre	Entregado 18/03/2014	Enrique Costa Montenegro
ROBLES BYKBAEV, Vladimir E.	Entregado 15/04/2014	Yolanda Blanco Fernández, Jose Pazos Arias
SILVA LEAL, Fátima Manuela da	Entregado 03/04/2014	Juan Carlos Burguillo Rial
VALLADARES RODRÍGUEZ, Sonia María	Entregado 30/04/2014	Luis Anido Rifón, Manuel Fernández Iglesias